

**Convenio colectivo de limpeza de institucións hospitalarias da Seguridade Social da provincia de Ourense
(Ano 2004)¹**

Artigo 1º

Este convenio colectivo afecta as empresas dedicadas á limpeza de institucións hospitalarias pechadas da Seguridade Social en Ourense e no ámbito de aplicación deste convenio a todos os/as traballadores/as dependentes destas empresas e que presten os seus servizos nas institucións hospitalarias pechadas da Seguridade Social da provincia de Ourense.

Artigo 2º.-Vixencia e duración.

Este convenio empezará a rexer desde a súa publicación no BOP de Ourense, non obstante, para os seus efectos económicos será desde o 1 de xaneiro de 2004 rematará o 31 de decembro de 2004. Ao remate da vixencia do presente convenio colectivo manterán a súa vixencia todas e cada unha das súas cláusulas ata a entrada en vigor do seguinte. O convenio prorrogarase pola tácita de ano en ano, se o denunciara calquera das partes, polo menos, con tres meses de antelación ao remate da súa vixencia. A fórmula de denuncia será mediante comunicación da parte denunciante á outra parte, na que expresará o desexo de denunciar e negociar un novo convenio.

Artigo 3º.-Condicións máis beneficiosas.

Todas as condicións económicas de calquera índole contidas neste convenio teñen o carácter de mínimas, polo que os pactos, cláusulas e situacións implantadas polas empresas e que impliquen condicións máis beneficiosas con respecto ao presente convenio subsistirán para aqueles/as que as veñen gozando, pero sen que poida incrementarse que sobre as chamadas condicións máis beneficiosas terá que computarse o melloramento económico que supón o presente convenio.

Artigo 4º.-Salario base.

Complemento de destino, complemento de produtividade fixo e complemento específico.

O importe que se aboará por estes conceptos especificarase nos anexos I e II deste convenio. Serán os mesmos que por este concepto cobren os/as limpadores e os/as pinches da Seguridade Social durante o ano 2004 e para o resto das categorías aumentarán en proporción correspondente ás táboas salariais de 2003.

As empresas recoñeceranlles aos/ás traballadores/as as melloras salariais que o Sergas estableza para o seu persoal na categoría de pinche, grupo E, sempre e cando a dita mellora sexa para compensar unha eventual desviación do IPC.

Artigo 5º.-Antigüidade.

Os/as traballadores/as fixos/as comprendidos/as no ámbito de aplicación deste convenio gozarán como complemento persoal de antigüidade dun aumento periódico por cada tres anos de servizos prestados no mesmo centro de traballo, na contía do 5% do salario base por cada trienio.

Artigo 6º.-Pagas extraordinarias.

O persoal afectado por este convenio percibirá dúas gratificacións extraordinarias, unha en xullo e outra en Nadal, cada unha delas de 30 días de

salario base máis antigüidade, máis o complemento de destino. As pagas serán aboadas respectivamente antes do 30 de xullo e 24 de decembro e o seu cómputo será semestral.

Artigo 7º.-Gratificación de domingos, festivos e nocturnos.

¹ Publicado no DOG núm. 119, do 22 de xuño de 2004.

O persoal que preste os seus servizos en domingos, festivos e traballos nocturnos percibirán a mesma cantidade que por este concepto se lle aboe ao persoal de pinches do Sergas. O complemento de traballo en domingos e festivos será de 33,86 euros/día de traballo.

Por noites fixas percibiranse 70,89 euros durante a primeira e segunda semana e 58,69 euros no caso de tratarse da terceira ou cuarta.

Artigo 8º.-De toxicidade, perigosidade e penosidade.

Estas gratificacións aboaranse na contía que en cada momento estableza a lexislación vixente nestas materias.

Artigo 9º.-Xornada de traballo e descansos.

A xornada laboral para o 2004 será a mesma do persoal do Sergas. Os/as traballadores/as que realicen a súa prestación de servizos no réxime de quenda fixa diúrna ou rotatoria simple realizarán unha xornada anual efectiva de 1.624 horas ao ano. Os/as que realicen a súa prestación de servizos de acordo co réxime de quenda fixa nocturna realizarán unha xornada anual efectiva de 1.430 horas ao ano.

As libranzas a que terán dereito os/as traballadores/as serán as mesmas que goza o persoal do Sergas, que nestes momentos son as seguintes:

- Os correspondentes ao terceiro sábado.
- Descanso quincenal (dous ao mes).
- Os días 5, 6, 7 de abril.
- Os días 20, 21, 22, 23, 29 e 30 de decembro.

Destes 9 días de descanso, 5 son de libre disposición do traballador/a, dos cales 3 gozaranse no primeiro semestre e 2 no segundo. Farase a petición por escrito con 10 días de antelación ás datas solicitadas. No caso de acumulación de solicitudes para un mesmo día, de tal maneira que supoña un quebranto na organización do servizo, procederase de común acordo co comité a un sorteo para determinar as persoas que gozarán deses días. Non se poderán acumular a períodos de vacacións de cada traballador/a.

O persoal contratado gozará dun LD por cada 40 días de contrato.

Se durante este ano aumentan os días de libranza do persoal do Sergas, reunirase a comisión paritaria para estudar a posible aplicación neste convenio.

Se durante a vixencia do presente convenio se producise algún cambio de adxudicatario na prestación do servizo de limpeza dos centros aos que é de aplicación, serán de conta de cada un dos adxudicatarios o aboamento das cantidades correspondentes aos descansos quincenal e de terceiro sábado non gozados polos traballadores/as durante a vixencia das súas respectivas adxudicacións, ou ben o gozo acumulado destes sempre que se produza durante a

vixencia das adxudicacións baixo as cales estes non foron gozados.

No que aos restantes descansos non gozados fai referencia, será de conta dos adxudicatarios o aboamento ou gozo acumulado destes, sempre en estrita proporción aos períodos de vixencia das respectivas contratas, de tal maneira que cada unha delas se faga cargo dos días non descansados en proporción ao tempo de duración da adxudicación.

No suposto de que fosen os domingos ou festivos os non gozados, procederase a actuar os mecanismos de compensación previstos neste convenio, pero sempre considerando os períodos en que non foron gozados, procedendo entón da mesma forma que a prescrita no parágrafo primeiro desta disposición.

Artigo 10º.-Festivos.

O/a traballador/a do/a que realice a xornada laboral en domingo ou festivo, de mutuo acordo coa empresa poderá:

- a) Gozar en compensación dun día de descanso semanal.
- b) Percibir o aboamento correspondente segundo a normativa vixente.
- e) Acumular o descanso aos días de vacacións regulamentarias.

Os días 24 e 31 de decembro cobrarase coa gratificación de festivos e o 25 de decembro, 1 e 6 de xaneiro percibiranse dúas gratificacións de festivos.

Artigo 11º.-Horas extraordinarias.

Durante a vixencia deste convenio non se realizarán horas extraordinarias de carácter normal, non obstante, poderán realizarse as horas extraordinarias debidas a forza maior e as de carácter estrutural.

Consideraranse horas extraordinarias motivadas pola forza maior as traballadas e empregadas na reparación de sinistros ou as que realicen para prevelos.

E as horas estruturadas son as que con carácter extraordinario e esporádico se efectúen no seo dunha empresa para cubrir a realización dun traballo que non foi posible prever nin substituír por contratacións temporais ou a tempo parcial previstas na lei.

Enviaráselle á Delegación de Traballo un informe mensual da realización e motivos destas horas e será realizado conxuntamente polo comité de empresa e a dirección e, de ser o caso, polos delegados/as ou delegado/a de persoal.

O incumprimento do pactado neste artigo, así como o referente ao artigo 35 da Lei 8/1980, do 10 de marzo, e Real decreto lexislativo 1985, do 20 de agosto, considerarase falta grave para os efectos do disposto no Estatuto dos traballadores.

Artigo 12º.-Licenzas.

Trala solicitude dos/as traballadores/ as afectados/as, concederase licenza retribuída e polo tempo que se indica, nos casos seguintes:

-Polo matrimonio do/a traballador/a ou constituírse en parella de feito: 15 días naturais antes ou despois sempre que se inclúa o día do feito.

-Polo matrimonio de fillos/as: 1 día natural.

-Polo parto da esposa ou convivente: 3 días naturais se é na provincia e 5 días se é fóra dela. Se fora por cesárea, os días por parto poden gozarse ao saír do centro hospitalario.

-En caso de accidente ou hospitalización de parentes de primeiro e segundo grao de consanguinidade ou afinidade: 2 días. Cando o desprazamento sexa fóra da provincia, o prazo será de 4 días.

-Polo falecemento de cónxuxe, convivente ou familiares en primeiro e segundo grao de consanguinidade ou afinidade, é dicir: pais, nais, fillos/as, avós, netos, irmáns, pais políticos, irmáns políticos, fillos políticos, avós políticos, e netos políticos: 3 días naturais se é na provincia, e se é fora dela, 5 días naturais.

-Polo falecemento de parentes no terceiro grao, é dicir, tíos, tíos políticos, bisavós políticos, bisnetos políticos, sobriños e sobriños políticos: 1 día natural.

-Nos demais casos aterémonos ao disposto na lexislación vixente.

-No caso de asistencia ao médico, o tempo necesario con xustificación e cun máximo de 3 horas. No caso de desprazamento ao especialista terase en conta a distancia e en consecuencia o tempo indispensable.

-Por traslado de domicilio: 1 día.

-Por acompañamento a familiares de primeiro grao a probas médicas, o tempo necesario, avisando con antelación e debidamente xustificadas: 7 días máximo ao ano.

-Os permisos por nacemento ou enfermidade de familiares poderanse gozar dentro dun período de dez días que inclúa a data do feito causante.

Artigo 13º.-Excedencias.

Todo/a traballador/a, cunha antigüidade de polo menos un ano na empresa, terá dereito a que se lle recoñeza a súa situación de excedencia voluntaria por un período máximo de 5 anos, non perdendo en ningún caso a antigüidade que tiña no momento de solicitala e sendo obrigatorio para a empresa a concesión da excedencia. No caso de excedencia por maternidade será ata 3 anos, con reserva do posto de traballo o primeiro ano.

Artigo 14º.-Cambio de posto de traballo por embarazo.

As mulleres terán dereito a cambiar de posto de traballo, co fin de que en ningún caso estarán obrigadas a desempeñar as súas funcións en lugares radioactivos e infecciosos que supoñan perigo para o seu estado.

Artigo 15º.-Roupa de traballo.

Concederáselle a todo o persoal axeitada e regulamentaria roupa de traballo, buzo para o persoal masculino e bata para o persoal feminino cada 6 meses, zapatillas cada 3 meses, guantes cada 20 días e zocos cada nove meses. O persoal terá que devolver a roupa e utensilios utilizados no momento en que se produza a substitución.

Artigo 16º.-Incapacidade laboral transitoria.

O/a traballador/a que cause baixa por accidente laboral, non laboral, maternidade ou enfermidade común percibirá o 100% do salario convenio desde o primeiro día da baixa, incluídas as pagas extras.

Artigo 17º.-Extinción do traballo na contrata correspondente.

O persoal de limpeza que realice a súa xornada nun centro de traballo durante un período mínimo de dous meses, no caso do cesamento da contrata, terá dereito a continuar coa nova empresa adjudicataria cos servizos de limpeza do centro. Esta nova empresa adjudicataria terá a obriga de absorber a este persoal respectándolle a antigüidade e demais dereitos adquiridos.

Artigo 18º.-Garantías dos cargos sindicais.

Por mor de situacións concretas, como son confección do cadro de horarios, calendario de vacacións, e acordo para a negociación colectiva, o empresario facultará reunirse nos locais da empresa aos/ás traballadores/as e aos/ás seus/súas representantes sindicais durante a xornada de traballo, sen que poida excederse dunha hora en tales casos e de común acordo para a designación do día e hora, sen menoscabo da realización de traballos urxentes que puideran xurdir.

Artigo 19º.-Vacacións.

O persoal afectado polo presente convenio gozará dun mes natural de vacacións anuais retribuídas.

As vacacións tomaranse entre o 1 de xullo e o 30 de setembro, non obstante, o persoal que desexe tomar as vacacións no resto dos meses do ano e sempre de acordo coa empresa, recibirá unha bolsa extra-salarial de 252,88 euros durante o período de vacacións.

Os/as traballadores/as que no momento de gozar as vacacións, se atopan de baixa por enfermidade ou accidente terán dereito a gozalas inmediatamente despois de producirse a alta e dentro do ano natural.

Elaborarase un calendario de vacacións en cada empresa de acordo entre a empresa, o/a traballador/a e o comité, de tal xeito que os/as traballadores/as gocen das súas vacacións rotativamente, respectando

a lexislación vixente. O persoal da quenda de noite percibirá tamén a gratificación de nocturnidade na retribución de vacacións.

Con carácter xeral, o suposto de IT sobrevida durante o gozo das vacacións non as suspenderán, considerándose gozadas. Cando un proceso de IT teña lugar durante o gozo das vacacións e dure máis de 15 días, poderase solicitar cambio das datas sinaladas.

Artigo 20º.-Control médico.

Todo o persoal comprendido neste convenio terá dereito a efectuar unha revisión médica anual.

A revisión será a cargo da empresa, farase en horas de traballo e os resultados do recoñecemento médico entregaráselles aos traballadores/as.

Artigo 21º.-Comisión paritaria.

Para a interpretación e cumprimento do pactado no presente convenio e, en xeral, para cantas cuestións se deriven da súa aplicación, establécese unha comisión paritaria que estará integrada polos seguintes membros:

Parte económica: Asociación de Empresarios de Limpeza de Institucións Sanitarias do Sergas de Ourense.

Parte social: centrais sindicais asinantes do presente convenio (Confederación Intersindical Galega, Unión Xeral de Traballadores e Comisións Obreiras).

Artigo 22º.-Xubilacións.

Todo/a traballador/a afectado/a polo presente convenio poderá solicitar a xubilación aos 64 anos ao abeiro do previsto no Real decreto lexislativo 15/1981, do 28 de agosto; neste suposto a empresa verase obrigada a contratar a outro/a traballador/a perceptor/a de desemprego ou mozo/a demandante do primeiro emprego a través dun contrato de idéntica natureza.

Artigo 23º.-Contratación.

As empresas adjudicatarias do servizo de limpeza de hospitais non poderán contratar persoal a través das empresas de traballo temporal (ETT), tanto para substitucións de vacacións, IT, etc. ou para calquera posto de traballo (ampliación do cadro de persoal, postos de nova creación, etc.).

Artigo 24º.-Copia básica do contrato.

As empresas entregaránlles aos representantes legais dos traballadores/as unha copia básica de todos os contratos de traballo que deban realizarse por escrito, de acordo coa Lei 2/1991, do 7 de xaneiro.

Artigo 25º.-Seguro de accidente.

As empresas subscribirán unha póliza de seguro colectivo en favor de tódolos traballadores/as que presten os seus servizos nos centros afectados por este convenio, cubrirá como mínimo as seguintes garantías:

-Morte ou invalidez total: 18.030,36 euros.

-Invalidez absoluta ou gran invalidez: 24.040,48 euros.

As ditas continxencias deberán derivarse de accidente laboral, incluído o accidente in itinere e as indemnizacións fixadas serán totalmente independentes daquelas que lles correspondan aos/as traballadores/as en virtude da lexislación laboral vixente.

Artigo 26º.-Días para asuntos propios.

O traballador/a, solicitándoos coa debida antelación, terá dereito a dispor de 10 días de licenza ao ano, non retribuídos pola empresa.

Disposicións xerais

Primeira.-Todo o que non se previu neste convenio, estará disposto na ordenanza laboral de traballo para as empresas dedicadas á limpeza de edificios e locais, aprobada o 15 de febreiro de 1975, así como nas demais disposicións legais vixentes, que ambas as dúas partes acordan manter como lexislación sub

sidiaria para o non previsto no Estatuto dos traballadores.

Segunda.-As empresas afectadas por este convenio deberán ter un exemplar, así como a copia dos boletíns de cotización da Seguridade Social no taboleiro de anuncios da empresa para coñecemento de todos/as os/as traballadores/as, co fin de que constaten a súa situación laboral.

Terceira.-As partes asinantes do presente convenio son a Asociación de Empresarios de Limpeza de Institucións Sanitarias do Sergas de Ourense e as centrais sindicais Confederación Intersindical Galega, Unión Xeral de Traballadores, Comisións Obreiras, todas con capacidade suficiente e lexitimación de conformidade co disposto na Lei 8/1980, do Estatuto dos traballadores.

Cuarta.-Se se produciran nalgunha das empresas afectadas polo presente convenio baixas de traballadores/as fixos/as do cadro de persoal dos centros sanitarios afectados, estas serán cubertas por traballadores/as que teñan carácter de fixos/as.

Quinta.-Se se produce a revisión salarial, os atrasos producidos seranlles aboados aos/ás traballadores/as antes de transcorridos os 30 días seguintes a aquel en que as empresas cobren do Sergas.

Sexta.-Os/As traballadores/as e traballadores fixos, terán preferencia por orde de antigüidade e de carácter voluntario para ocupar a praza vacante en quenda, planta ou servizo que deixe un ou unha traballador/a fixo/a. Deberán estar en quenda, planta ou servizo un mínimo de cinco anos. Ao producirse a vacante é obriga da empresa proceder a súa inmediata convocatoria. A antigüidade é a do centro de traballo.

Sétima.-Durante os anos 2005 e 2006 non será obxecto de negociación do convenio a cláusula de antigüidade. Se se aplica un novo concepto extra-salarial, excluído o acordo Sergas-sindicatos do 28-11-2003, procederase a unha nova negociación do conxunto do convenio.

ANEXO I

| Categorías | Salario base |
|---------------------------------|---------------------|
| -Administrativos/as: | |
| Xefe/a de 1ª | 663,60 euros |
| Xefe/a de 2ª | 526,53 euros |
| Caixeiro/a | 526,53 euros |
| Oficial de 1ª | 519,46 euros |
| Oficial de 2ª | 519,46 euros |
| Auxiliar | 504,21 euros |
| Cobrador/a | 501,76 euros |
| -Mandos intermedios: | |
| Encargado/a xeral | 620,17 euros |
| Supervisor/a encargado/a zona | 539,48 euros |
| Supervisor/a encargado/a sector | 519,46 euros |
| Encargado/a grupo ou edificio | 507,72 euros |
| Responsable de equipo | 501,67 euros |
| -Persoal obreiro: | |
| Especialista | 501,47 euros |
| Peón especializado | 501,47 euros |
| Limpador/a | 495,24 euros |

| | |
|-------------------------------------|--------------|
| Conductor/a-limpador/a | 501,67 euros |
| -Persoal oficios varios: | |
| Oficial | 501,67 euros |
| Axudante | 495,24 euros |
| Peón | 495,24 euros |
| Traballadores/as menores de 18 anos | SMI |

ANEXO II

Complementos.

- O complemento de destino será de 211,86 euros/mes para todas as categorías.
- O complemento específico será de 190,72 euros.
- O complemento de produtividade é de 35 euros.